

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Resolución do 16 de xullo de 2004, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se acorda ratificar a adaptación dos estatutos da Confraría de Pescadores San Francisco de Vigo, inscribila no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións e ordenar a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.*

Examinada a adaptación dos estatutos da Confraría de Pescadores San Francisco de Vigo ao Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións, realizada en cumprimento da súa disposición transitoria primeira.

Comprobado que se cumpre o requisito que establece o artigo 4 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións, de aprobación pola Xunta Xeral da confraría, na súa reunión do 23 de decembro de 2003, e de conformidade co disposto nos artigos 2 e 14 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, e cos artigos 112 a), 113 e 114 do decreto citado relativos ao Rexistro de Confrarías e das súas Federacións.

A directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en representación desta, acorda ratificar a adaptación dos estatutos da Confraría de Pescadores San Francisco de Vigo, que consta de 94 artigos, unha disposición adicional, unha derogatoria e unha derradeira (60 páxinas), inscribila no Rexistro de Confrarías e das súas Federacións no folio 46 do libro 1º e ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, adquirindo desde este momento a eficacia xurídica que lle recoñecen as normas legais de aplicación.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2004.

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo

Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 2 de xuño de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto do convenio colectivo de ámbito provincial do sector de limpeza de edificios e locais de Ourense para os anos 2004 e 2005.*

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito provincial do sector limpeza de edificios e locais de

Ourense para os anos 2004 e 2005, código de convenio número 3200225, que se subscribiu coa data do 5 de maio de 2004, entre representantes da *Asociación Provincial de Empresarios de Limpezas de Edificios e Locais de Ourense* e os de ASPEL, en representación da parte económica, e doutra polos representantes das centrais sindicais: Confederación Intersindical Galega (CIG), a Unión Xeral de Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CC.OO.), en representación da parte social, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e no Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

### ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 2 de xuño de 2004.

José Lage Lage

Delegado provincial de Ourense

Convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais de Ourense (2004-2005)

Artigo 1º.-Ámbito territorial e funcional.

No seu ámbito territorial, funcional e persoal, o presente convenio colectivo afectaralles ás empresas establecidas ou que se poidan establecer en Ourense e na súa provincia, xa sexan naturais ou xurídicas, que se dediquen á actividade de limpeza de edificios e locais.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Están incluídos no ámbito de aplicación deste convenio todos os traballadores e traballadoras dependentes destas empresas, así como aquelas persoas que, de acordo coa ordenanza vixente, poidan saír do seu ámbito.

Artigo 3º.-Vixencia e duración.

O presente convenio comezará a rexer, para todos os efectos, a partir do 1 de xaneiro de 2004, rematando no 31 de decembro de 2005, e manterá a súa vixencia mentres non sexa substituído por outro convenio entre as partes, ben que, o presente convenio comezará a súa negociación no mes de novembro do devandito ano, data en que se constituirá a comisión negociadora. En calquera caso, o seu